



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN DO PROGRAMA DO CARNÉ FAMILIAR GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Familias Numerosas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería de Política Social e a Asociación Galega de Familias Numerosas para a colaboración na xestión do programa do carné familiar como recurso que beneficia as familias numerosas, que consistirá resumidamente na captación de novas entidades colaboradoras co mencionado programa e na actualización da guía de entidades colaboradoras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para a cooperación na xestión do programa carné familiar galego. O





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica



carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrência pois a Asociación Galega de Familias Numerosas é a única asociación de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer as familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

A Asociación Galega de Familias Numerosas conta entre os seus obxectivos a cooperación na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións. A Experiencia continuada durante anos conseguindo beneficios e descontos de iniciativas privadas para os seus asociados debido a súa condición de familias numerosas e o seu elevado coñecemento da problemática destas supoñen que non se atope ningunha outra asociación que poida cumprir os obxectivos do convenio de xeito tan axeitado e eficiente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 8 de marzo de 2017.

